

MESA SECTORIAL

18/04/2023

1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 7, 14 E 22 DE MARZO.

Apróbanse as actas das sesións referidas unha vez feitas as alegacións oportunas por parte das Organizacións Sindicais.

2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: CALENDARIO ESCOLAR PARA O CURSO 2023/2024.

Novamente perdemos a oportunidade de afrontar unha reforma profunda do modelo de Calendario Escolar na nosa Comunidade para poder facer unha distribución equilibrada da duración dos diferentes trimestres do curso. Hai modelos, como o de Cantabria, que xeraron problemas iniciais pero que actualmente están tendo moi boa aceptación e se amosa máis equilibrado.



A Administración propón 176 días. ANPE demanda un calendario escolar de 175 días lectivos. ANPE Galicia propón adiar o comezo das actividades lectivas do curso escolar en todas as etapas educativas do día 8 de setembro proposto (venres) ao día 11 de setembro coa finalidade de facilitar as tarefas de preparación e de coordinación do profesorado e evitar posibles caos que se poden producir ao principio de curso. Segundo o documento proposto pola administración educativa hai unha carga burocrática excesiva en 5 días laborais. ANPE, como leva facendo desde hai anos, está en contra da excesiva carga burocrática do

profesorado. Hai que ter en conta que se vai a utilizar, por primeira vez en certas etapas educativas, a aplicación informática PROENS. Aproveitamos para demandar formación para o profesorado dos cursos pares que o vindeiro curso terán que utilizar dita aplicación por primeira vez. **A Administración ofertará formación e ademais publicará, no mes de maio, unha guía formativa sobre o uso de PROENS.**



En relación ao inicio do curso escolar. A administración acepta adiar o comezo do curso escolar ao día 11 de setembro e finalizando o día 21 de xuño en lugar do 20. Ante esta proposta ANPE sigue mantendo que o ideal sería establecer un calendario de 175 días aínda que valoramos positivamente que se acepte retrasar o inicio do curso ao día 11. **A Administración continúa mantendo a postura de manter 176 días. ANPE Galicia insiste en manter a súa postura de 175 días.**

En Ensinanzas de Réxime Especial e Formación Profesional a duración do curso escolar debe estar adecuada á duración dos módulos formativos e deste tipo de ensinanzas. Non se debe establecer, polo tanto, para este tipo de ensinanzas, unha data fixa de inicio e fin de actividades lectivas. **A Administración resposta que na práctica os centros xa teñen flexibilidade para poder adaptar os seus períodos lectivos internamente.**

MESA SECTORIAL

18/04/2023

Na etapa de Educación Infantil demandamos que a duración do período de adaptación se prolongue ata finais do mes de setembro. **A Administración considera que o período de adaptación establecido é axeitado.**

O transporte escolar non debe condicionar os horarios dos centros.

Demandamos recuperar a redución horaria dos meses de xuño e setembro mantendo todos os servizos e aproveitamos para demandar, novamente, a restitución do horario lectivo do profesorado de 21 horas no corpo de mestres e de 18 nos restantes corpos.

Para finalizar, ANPE Galicia considera que o calendario escolar debe ser de aplicación a TODOS os centros educativos e non soamente aos centros sostidos con fondos públicos. Non se pode dar vantaxe aos centros privados fronte aos públicos. Todos debemos xogar coas mesmas regras.

A Administración indicará no texto definitivo da Orde que a data da terceira avaliación debe coincidir coa data de avaliación final.

3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E PREGUNTAS.

Demandamos coñecer cando se vai a publicar a Orde que regula os PIALE. **A Administración indica que prevé a súa publicación a semana que vén.**

Demandamos a convocatoria de concurso de méritos para prazas de atención preferente.

Demandamos que non se peche a EEI de Gaioso de Santiago de Compostela e que se lle dote de profesorado con destino definitivo.

Demandamos información sobre que ocorre cos titores de FCT que teñen alumnado que remata

as prácticas o 31 de agosto. Como se van a facer os seguimentos?.

Demandamos novamente a creación dun Conservatorio Profesional de Danza en Santiago de Compostela.



Queremos facer constar a problemática de cobertura de prazas de auxiliar de conversa cando, por calquera circunstancia, a persoa que está facendo as funcións nun centro educativo deixa de realizalas. **A Administración responde que é coñecedora da problemática pero que non hai solución posible.**

Demandamos formación **en horario lectivo** para a Competencia Dixital Docente.

Solicitamos información sobre a problemática detectada en algunhas Xefaturas Territoriais que están reducindo a percepción dos trienios para profesorado que está prestando servizos a media xornada cando está devengado cando se traballaba a tempo completo.

MESA SECTORIAL**18/04/2023**

Demandamos información sobre a publicación das vacantes definitivas do CXT.

ANPE Galicia vai a solicitar un previo ao Consello Escolar de Galicia para demandar que a Educación de Adultos pase pola Mesa Sectorial. Non se fala nese documento, en ningún momento, da modalidade presencial na ensinanza de adultos.

En relación ás supresións, solicitamos que haxa o menor número de supresións posibles, pero que en caso de facer unha supresión debe notificarse ao afectado o antes posible.

Demandamos a recuperación do acordo de agrupamentos.

Demandamos a apertura de negociacións para a redución do horario lectivo do profesorado, a redución de rateos e a redución da burocracia.

